

Viñetas desde o Atlántico chega ao seu fin esta fin de semana con firmas, unha visita ás exposicións dos Premios Castelao de BD e o día grande do Festival de Autoedición Autobán, entre outras actividades

Este sábado 17, ás 10.00h, a actividade de Viñetas comeza na Sala Salvador de Madariaga coa visita guiada polas mostras dos Premios Castelao de Banda Deseñada 2023 da Deputación da Coruña: Paula Mayor, na modalidade xeral, pola súa obra *Rosalía Oculta*, na que aborda a versión máis humana da poeta; e Cristian F. Caruncho, merecedor do galardón na súa modalidade para público infantil e xuvenil, polo seu western *O día de San Martiño*

A praza de San Andrés acollerá este sábado 17, de 12.00 a 21.00h, o mercado de fanzines de Autobán, ademais dos obradoiros para todas as idades *Creando personaxes máxicos!*, con Paula Cheshire (12.30h), e *Fai a túa Fake Riso*, con Pilar Marcó (17.30h), e un concerto de Conxita Herrero e Corazón; mentres que, ás 23.30h, no Bar 13, terá lugar o Festón Post Autobán

A Rúa da BD —que permanecerá aberta de 11.00 a 14.00 e de 17.00 a 21.00h para que o público poida facerse coas novidades e os grandes clásicos do universo da BD— acollerá presentacións de libros, faladoiros e unha sesión de videoxogos da man de Alita Cómics

No Kiosco Alfonso, o sábado 17, ás 12.00h, os autores convidados de Viñetas desde o Atlántico 2024 Yeyei Gómez, Marc Torices, Kundo Krunch, Marcello Quintanilha e Manuel L. Poy firmarán exemplares dos seus libros, mentres que na Rúa da BD, nos stands das diferentes editoriais, durante toda a fin de semana sucederanse máis de medio centenar de sinaturas de figuras como Emma Ríos ou Iván Sarnago, entre outras

A xornada do domingo 18 propón, tamén, un concerto infantil de Chuches A Mil, ás 12.00h, no Palco da Música dos Xardíns de Méndez Núñez, e un encontro profesional de editores e libeiros especializados no Circo de Artesáns

A Coruña, 16 de agosto de 2024.— A 27ª edición de Viñetas desde o Atlántico chega ao seu fin esta fin de semana con firmas, unha visita guiada ás exposicións dos Premios Castelao de BD e o día grande do Festival de Autoedición Autobán, entre outras actividades.

Este sábado 17, ás 10.00h, a actividade de Viñetas comeza na Sala Salvador de Madariaga coa visita guiada polas mostras dos Premios Castelao de Banda Deseñada 2023 da Deputación da Coruña: Paula Mayor (A Coruña, 1975), na modalidade xeral, pola súa obra *Rosalía Oculta*, na que aborda a versión máis humana da poeta; e Cristian F. Caruncho (Bidueiros, Couzadoiro, Ortigueira, 1997), merecedor do galardón na súa modalidade para público infantil e xuvenil, polo seu western dos porcos bravos *O día de San Martiño*.



Nestas dúas mostras dos Premios Castelao de BD 2023 -abertas ata o 30 de setembro-, o público terá a oportunidade de descubrir o proceso de creación, así como orixinais e bosquexos das creacións gañadoras, nadas da man de dúas das novas figuras a seguir da BD emerxente galega.

A praza de San Andrés acollerá este sábado 17, de 12.00 a 21.00h, o mercado de fanzines autoeditados de Autobán, ademais dos obradoiros para todas as idades *Creando personaxes máxicos!*, con Paula Cheshire (12.30h), e *Fai a túa Fake Riso*, con Pilar Marcó (17.30h), e un concerto de Conxita Herrero e Corazón; mentres que, ás 23.30h, no Bar 13, terá lugar o Festón Post Autobán.

A Rúa da BD –que permanecerá aberta este sábado e domingo de 11.00 a 14.00 e de 17.00 a 21.00h para que o público poida facerse coas novidades e os grandes clásicos do universo da BD– acollerá presentacións de libros, faladoiros e unha sesión de videoxogos da man de Alita Cómic (o sábado, ás 17.00h, no Kiosco Alfonso).

No Kiosco Alfonso, o sábado 17, ás 12.00h, os autores convidados de Viñetas desde o Atlántico 2024 Yeyei Gómez, Marc Torices, Kundo Krunch, Marcello Quintanilha e Manuel L. Poy firmarán exemplares dos seus libros, mentres que na Rúa da BD, nos *stands* das diferentes editoriais, durante toda a fin de semana sucederanse máis de medio centenar de sinaturas de figuras como Emma Ríos ou Iván Sarnago, entre moitas outras.

A xornada do domingo 18 propón, tamén, un concerto infantil de Chuches A Mil, ás 12.00h, no Palco da Música dos Xardíns de Méndez Núñez, e un encontro profesional de editores e libeiros especializados no Circo de Artesáns.

Na páxina web oficial do festival, www.vinetasdesdeoatlantico.com, é posible consultar a axenda de actividades, os horarios e a información completa desta 27ª edición do festival.

AXENDA DE VIÑETAS DESDE O ATLÁNTICO 2024

Sábado 17 de agosto

Programa oficial Viñetas 2024

10.00h Sala Municipal de Exposicións Salvador de Madariaga: Visita guiada pola mostra dos Premios Castelao de BD, Paula Mayor e Cristian F. Caruncho

12.00h Kiosco Alfonso: sinaturas de Yeyei Gómez, Marc Torices, Kundo Krunch, Marcello Quintanilha e Manuel L. Poy

21.30h Circo de Artesáns: Encontro sectorial

Autobán, Festival de Autoedición

Praza de San Andrés

12.00 - 21.00h Mercado de fanzines

12.30h Obradoiro *Creando personaxes máxicos!*

14.30h Concerto de Conxita Herrero e Corazón

17.30h Obradoiro *Fai a túa Fake Riso*

23.30h Festón Post Autobán (Bar 13)

Rúa da BD: Actividades

11.00 - 14.00 e 17.00 - 21.00h

Zonas de xogo infantil 'Piratix' e 'Superthings'

Xogo *Canto sabes de cómic* e préstamo de exemplares - Stand Bibliotecas Municipais da Coruña

11.00h Kiosco Alfonso: Faladoiro *Recuncho Gamer falando de videoxogos* (Alita Cómic)

13.30h Kiosco Alfonso: Presentación *Maia e a troita perlada*, con Lucía Cid (Demo Editorial)

17.00h Kiosco Alfonso: Xogos *Sesión de videoxogos* (Alita Cómic)

19.00h Kiosco Alfonso: Obradoiro *Elixé (ou non) a túa propia aventura*, con Diego Burdío (GP Ediciones)

Rúa da BD: Sinaturas

11.00 - 14.00 e 17.00 - 21.00h

Doc Pastor - Unrated Cómic e Juanfer Briones - GP Ediciones

11.00h Emma Ríos - Astiberri Ediciones e Iván Sarnago - Unrated Comics

12.00h César Verdúguez - Cartem, David Braña - Unrated Comics, Iria Aldegunde - Alita Cómic, Iván Gil - Metrópolis Cómic, Jordi Bayarri - Anillo de Sirio, José Ángel Ares - A Gata Tola, Manuel Veiga - Cósmica Editorial e Weronika Hańczyc - Cascaborra Ediciones

12.30h David Graña e Pablo Prado 'Fuco' - Librería Paz e Martín Romero - Astiberri Ediciones

13.00h Emma Ríos - Alita Cómic e María Jiménez - Fandogamia Editorial

17.00h Álvaro Ortiz - Astiberri Ediciones, Diego Burdío - GP Ediciones, Pablo Prado 'Fuco' - Cósmica Editorial, Paula Cheshire - Fandogamia Editorial e Paula Esteban - GP Ediciones

18.00h Alicia Jaraba - Nuevo Nueve, Andrés Garrido - Cartem, David Braña - Unrated Comics, Elena Andrés - Librería Paz, Iván Gil - Metrópolis Cómic, Lucía Cid - Demo Editorial, María Jiménez - Fandogamia Editorial, Víctor L. Pinel - Nuevo Nueve e Weronika Hańczyc - Cascaborra Ediciones

18.30h Abel Álvarez - Cósmica Editorial e Manuel Veiga - Cósmica Editorial

19.00h David Braña - Grafito Editorial, David Rubín - Astiberri Ediciones, Fran Jaraba - Alita Cómic, Iván Sarnago - Unrated Comics, Jordi Bayarri - Anillo de Sirio, Lorena Varela - Dolmen Editorial, Kundo Krunch e Manuel L. Poy - Demo Editorial

20.00h Alicia Martín Santos - Alita Cómic e Lucas Varela - Ediciones La Cúpula

Domingo 18 de agosto

Programa oficial Viñetas 2024

12.00h Palco da Música dos Xardíns de Méndez Núñez: Concerto infantil de Chuches Amil

14.30h Circo de Artesáns: Encontro profesional de editores e libeiros especializados

Rúa da BD: Actividades

11.00 - 14.00 e 17.00 - 21.00h

Zonas de xogo infantil 'Piratix' e 'Superthings'

Xogo *Canto sabes de cómic* e préstamo de exemplares - Stand Bibliotecas Municipais da Coruña

17.00h Kiosco Alfonso: Faladoiro *A nova revolución sexual. Percorrido do BL e o yuri en España*, con Alberto Carceller (Eldritch Gate)

18.00h Kiosco Alfonso: Xogos *Manga máis aló das páxinas* (Astora Cómics e Eldritch Gate)

Rúa da BD: Sinaturas

11.00 - 14.00 e 17.00 - 21.00h

Doc Pastor - Unrated Cómics e Juanfer Briones - GP Ediciones

11.00h Diego Burdío - GP Ediciones e Paula Esteban - GP Ediciones

12.00h Alicia Jaraba - Nuevo Nueve, Bea Gregores - Metrópolis Cómics, César Verdúguez - Cartem, Jordi Bayarri - Anillo de Sirio e Víctor L. Pinel - Nuevo Nueve

13.00h Xulia Pisón - Alita Cómics

18.00h Alex Martos - AGPI e Manel Cráneo - Demo Editorial

19.00h Jordi Bayarri - Anillo de Sirio

CONTACTO DE PRENSA

The Office Comunicación

Luisa Castiñeira

Tel. 620 113 155

Mail: luisa@theofficeco.es

MÁIS INFORMACIÓN

<https://www.vinetasdesdeoatlantico.com>

DESCARGA DO PRESS KIT DE VIÑETAS DESDE O ATLÁNTICO 2024

<https://cutt.ly/vinetas-desde-o-atlantico-2024>